# A INVENCIÓN DA ESCRITURA

# A invención da escritura foi un paso xigante para a humanidade





Ata entón as historias transmitíanse oralmente



A información íase perdendo coa memoria.

# Pero non ocorreu nin de golpe nin nun so sitio



1st

CRESE QUE MESOPOTAMIA
FOI O PRIMEIRO LUGAR
ONDE XURDIU A ESCRITURA.



PERO MESOPOTAMIA ERA UNHA REXIÓN MOI AMPLA COMPOSTA DE MOITOS POBOS.

XURDIU A ESCRITURA EN TODOS OS POBOS DE MESOPOTAMIA Á VEZ?



# A RESPOSTA É NON.

## MESOPOTAMIA ESTABA DIVIDIDA EN DÚAS REXIÓNS:

## NORTE: ASIRIA

## E

## SUR: SUMER

Aquí vivían os asirios



Aquí habitaban os sumerios e os acadios

**NO NORTE, EN ASIRIA, VIVÍAN OS ASIRIOS**

**NO SUR, EN SUMER (co tempo pasaría a chamarse Caldea), VIVÍAN OS SUMERIOS E OS ACADIOS**


SUMER
Hititas
Hurritas
Mar Caspio
Montes Tauro
Karkemish
Río Tigris
Dur Sharrukin (Khorsabad)
Nínive
ASIRIA
Assur
Casitas
Río Éufrates
Ugarit
Biblos
Montes Zagros
Mari
Sidón
Tiro
DESIERTO DE SIRIA
Mar Mediterráneo
Eshnunna
Guti
Acad
Kish
Babilonia
Nippur
Lagash
Susa
Jerusalén
CALDEA
Uruk
Ur
Larsa
Eridú
Río Nilo
Heliópolis
Menfis
Golfo Pérsico

E SUMER Á SÚA VEZ ESTABA COMPOSTA DE VARIAS CIDADES  DAS CALES AS MÁIS IMPORTANTES ERAN UR E URUK





FOI PRECISAMENTE EN URUK ONDE INVENTARON A



**ESCRITURA CUNEIFORME**



## A escritura en Mesopotamia xurde nunha cidade ao Sur:

# URUK

## (hoxe en día parte de Irak)



# URUK
# É
# A PRIMEIRA CIDADE DA HISTORIA



FOI DECLARADA PATRIMONIO DA HUMANIDADE POLA UNESCO EN 2016



# URUK
# REXIÓN DE SUMER (SUR DE MESOPOTAMIA)
# 4º MILENIO a.C.



# SISTEMA DE ESCRITURA
# CUNEIFORME



**A escritura CUNEIFORME chámase así porque as incisións que se facían na arxila (barro) saían dun punzón en forma de cuña**



Nace da necesidade de levar as contas:

-CONTABILIZAR toda a produción que entra e que sae do TEMPLO ou do PALACIO

-ORGANIZAR unha sociedade cada vez máis grande facendo LEIS



É dicir, servía para levar a contabilidade
nos templos, para controlar as colleitas, o pago de impostos...





# Ao principio eran LISTAS

**Non facían falla composicións sofisticadas porque o único que había que entender era que bens se transportaban e cantos,  o seu  prezo e o nome e a localización do dono.**

**NUN PRIMEIRO MOMENTO** a escritura cuneiforme estaba composta principalmente por pictogramas; é dicir, debuxos que representaban obxectos físicos. Por exemplo, un debuxo dun peixe representaba un peixe. **Pouco a pouco os pictogramas foron converténdose en signos abstractos.**



| Fechas | Evolución desde la escritura pictográfica a la cuneiforme | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Significado | kú comer | šah cerdo | mušen ave | gi caña | šag cabeza | kin huerto |
| 3.000 antes de Cristo | | | | | | |
| 2.400 antes de Cristo | | | | | | |
| 650 a. d. Cristo | | | | | | |
| Significado | gin/gub andar | anse asno | gu buey | dug jarro | su mano | gisimmar palmera |
| 3.000 antes de Cristo | | | | | | |
| 2.400 antes de Cristo | | | | | | |

Pero aínda así non era un sistema de escritura completo porque non había preposicións, os verbos non se conxugaban...

# Que pon aquí?



# O PASO DA LECTURA LOGOGRÁFICA Á LECTURA FONÉTICA ( solo o son)
# FOI O QUE TERMINOU DE COMPLETAR ESTE SISTEMA

## Así, pouco a pouco  foise pasando dun sistema
## LOGOGRÁFICO = 1 PICTOGRAMA= 1 PALABRA



## ..a un sistema fonético baseado nos SONS.

## Así:




**O PICTOGRAMA DE AUGA ACABOU CONVERTÍNDOSE NUNHA**



# Por exemplo:



**Vedes? acabaron poñendo signos pero so para extraerlle a lectura fonética (o son), como pasa con PANTALÓN, que non ten nada que ver nin con pan ... O que interesa é o son que forma unha palabra diferente**

**O sistema de escritura CUNEIFORME non é un alfabeto senón que é un sistema silábico**

**con este sistema CUNEIFORME non só se escribe a lingua SUMERIA senón outras moitas linguas e  estivo usándose durante 3000 anos**

## ATA AQUÍ A EXPLICACIÓN DE COMO NACEU E COMO EVOLUCIONOU O PRIMEIRO SISTEMA DE ESCRITURA DA HISTORIA: A CUNEIFORME

**PERO, OLLO! O NOSO SISTEMA DE ESCRITURA NON DESCENDE DESTE, SENÓN QUE O ALFABETO LATINO PROVÉN DO ALFABETO GREGO E Á VEZ DO FENICIO E Á VEZ DO PROTOSINAÍTICO E Á VEZ PROVÉN DO XEROGLÍFICO EXIPCIO DO QUE VAI COLLER O SIGNO (O DEBUXO) DÁNDOLLE UNHA NOVA LECTURA.**



→ **O**


EVOLUCIÓN DEL ALFABETO
PROTOSINAÍTICO
FENICIO
GRIEGO
LATÍN
LAMD, 'aguja'
λ-Λ
L
MEM, 'agua'
μ-M
M
KAP, 'palma de la mano'
κ-K
K



Egyptian Hieroglyphs
Proto-Sinaitic
Phoenician
Ancient Greek
Latin
A
B
C G
D
E
U V W F Y
Z
H
I J
K
L
M
N
X
O
P
Q
R
S
T

¿Cómo se lee la palabra en negro, sabiendo que este alfabeto se ha creado mediante acrofonía?





**Tanto a escritura cuneiforme como a xeroglífica evolucionaron desde a contabilidade ata formas máis complexas como leis ou mitos.**
**As dúas escrituras partiron de pictogramas ( imaxes) so que en Mesopotamia os debuxos volvéronse abastractos e en Exipto permaneceron durante milenios aínda que con significados máis complicados.**

1- Cal foi é a cidade máis antiga da Historia?

1.1.Onde se atopaba esta cidade?

2-En que lugar apareceu a escritura ?

2.2. Por que apareceu a escritura xustamente neste lugar?

3- Como se chama o sistema de escritura nacido en Mesopotamia?

3.3. Por que recibe este nome?

3.4. Era un alfabeto ou un sistema silábico?

4- De onde procede o noso alfabeto latino?

5-En que se parece o sistema de escritura mesopotámico do exipcio?

5.1.En que se diferencia?